

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 3 de decembro de 2002 pola que se regula a convocatoria para o ano 2003 da xubilación anticipada voluntaria conforme a disposición transitoria novena da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.

A disposición transitoria novena da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, e a disposición transitoria primeira da Lei orgánica 9/1995, do 20 de novembro, da participación, a avaliación e o goberno dos centros docentes, establecen que os funcionarios dos corpos docentes a que fan referencia as disposicións adicionais décima 1 e décimo cuarta, 1, 2, 3 da Lei orgánica 1/1990, incluídos no ámbito de aplicación do réxime de clases pasivas do Estado, poderán optar a un réxime de xubilación voluntaria durante o período de implantación con carácter xeral das ensinanzas establecidas na dita lei orgánica, sempre que reúnan determinados requisitos. Así mesmo, o artigo 51 da Lei 24/2001, do 27 de decembro (BOE do 31 de decembro), de medidas fiscais, administrativas e da orde social, prorrogou ata o 4 de outubro de 2006 a vixencia temporal da disposición novena da Lei orgánica 1/1990.

Ó mesmo tempo, a Lei 31/1991, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1992, establece que os funcionarios docentes de corpos e escalas declaradas a extinguir con anterioridade á vixencia da Lei orgánica de ordenación xeral do sistema educativo, incluídos no ámbito de aplicación do réxime de clases pasivas, tamén poderán acollerse ó réxime de xubilación voluntaria regulado na disposición transitoria novena da citada lei.

O acordo do Consello de Ministros do 28 de decembro de 1990, modificado polo acordo do 6 de marzo de 1992, determina o importe e as condicións das gratificacións extraordinarias que aboará o Estado previstas na Lei orgánica de ordenación xeral do sistema educativo para os funcionarios que imparten docencia en niveis non universitarios.

Por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 25 de febreiro de 2000, establécese o importe e as condicións das gratificacións extraordinarias que aboará a Xunta de Galicia para incentivar a xubilación voluntaria dos funcionarios docentes que imparten ensinanzas non universitarias, compatibles coas previstas no parágrafo anterior.

En virtude do exposto, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Poderán solicita-la xubilación anticipada voluntaria, con efectividade do 31 de agosto do ano 2003, os funcionarios docentes de niveis non universitarios con destino nesta Comunidade Autó-

noma incluídos no ámbito de aplicación do réxime de clases pasivas do Estado, pertencentes a algún dos seguintes corpos:

- Corpo de mestres.
- Corpo de profesores de ensino secundario.
- Corpo de profesores técnicos de formación profesional.
- Corpo de catedráticos de música e artes escénicas.
- Corpo de profesores de música e artes escénicas.
- Corpo de profesores de artes plásticas e deseño.
- Corpo de mestres de taller de artes plásticas e deseño.
- Corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas.
- Corpo de inspectores de educación.
- Corpos e escalas declaradas a extinguir con anterioridade á vixencia da Lei orgánica de ordenación xeral do sistema educativo.

Segundo.-Tamén poderán solicita-la xubilación anticipada voluntaria os inspectores ó servizo da Administración educativa e os directores escolares de ensino primario a extinguir.

Para iso deberán cumprir tódolos requisitos do punto terceiro desta orde, a excepción do referido á permanencia en cadros de persoal de centros docentes, que deberá referirse ó equivalente que corresponda.

Terceiro.-Os solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Estar en activo o 1 de xaneiro de 1990 e permanecer ininterrompidamente na dita situación e desde a dita data en postos pertencentes ós correspondentes cadros de persoal docentes ou á Inspección educativa.
- b) Ter cumpridos sesenta anos de idade ó 31 de agosto do ano 2003.
- c) Ter acreditados un mínimo de quince anos de servizos efectivos ó Estado, o 31 de agosto do ano 2003.

Cuarto.-Os funcionarios que se xubilen de acordo co disposto na disposición transitoria novena da Lei orgánica de ordenación xeral do sistema educativo, que teñan acreditados no momento da xubilación alomenos vinte e oito anos de servizos efectivos ó Estado, segundo a idade, corpo de pertenza e anos de servizo efectivos, percibirán:

- a) A gratificación establecida no acordo do Consello de Ministros do 28 de decembro de 1990, modificada polo acordo do 6 de marzo de 1992.
- b) A gratificación establecida no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 25 de febreiro de 2000.

A contía das gratificacións publícase no anexo II desta orde.

Os funcionarios dos corpos docentes ós que se refiren as disposicións adicionais décima 1 e décimo cuarta, 1, 2 e 3 da Lei orgánica 1/1990, de ordenación xeral do sistema educativo, acollidos a réximes de Seguridade Social ou previsións distintos

de clases pasivas, poderán igualmente percibi-la gratificación extraordinaria que lles corresponda sempre que causen baixa definitiva na prestación de servicios ó Estado, por xubilación voluntaria ou por renuncia á súa condición de funcionario, e reúnan os requisitos esixidos nesta norma, agás o que pertenza ó réxime de clases pasivas do Estado.

Quinto.-As solicitudes deberán presentarse dentro dos dous primeiros meses do ano 2003, segundo o modelo que se publica como anexo I, nas delegacións provinciais correspondentes ó centro de destino do solicitante ou nos lugares e forma que determinan o artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Á solicitude engadirase fotocopia do DNI ou da partida de nacemento cotexada.

Sexto.-Unha vez iniciado o procedemento unicamente serán aceptadas as renuncias que se presenten con anterioridade ó 1 de abril do ano 2003.

Sétimo.-A Dirección Xeral de Persoal resolverá as solicitudes presentadas e, cando proceda, propondrá a resolución de xubilación anticipada voluntaria con indicación da contía de gratificación extraordinaria e diferenciando entre a recollida nas alíneas a) e b) do punto cuarto da presente orde.

Oitavo.-Coa paga ordinaria do último mes de servio activo percibirase a totalidade da gratificación estatal establecida polo acordo do Consello de Ministros e o corenta por cento da establecida polo acordo do Consello da Xunta de Galicia. O sesenta por cento restante será aboado nas mesmas datas que a nómina do mes de marzo do ano inmediatamente seguinte.

Noveno.-Esta orde entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2003.

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2002.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO I

XUBILACIÓN VOLUNTARIA ANTICIPADA

SOLICITANTE

Don/a....., con DNI..... e NRP.....
data de nacemento..... e enderezo en....., nº de tfo.....
localidade.....concello de.....provincia.....funcionario/a de carreira
do corpo de.....adquirida a condición de:

Catedrático Si Non

Con destino no.....localidade.....
concello.....provincia.....

DECLARA:

- Que se encontraba en activo o 1 de xaneiro de 1990, permanecendo ininterrompidamente na dita situación, e desde a dita data, en postos pertencentes ós correspondentes cadros de persoal de centros docentes.
- Ter cumpridos sesenta anos ou cumprilos con anterioridade ó 31 de agosto do ano en curso.
- Que a 31 de agosto do presente ano terá acreditados, para efectos de trienios, anos, meses e días, de servicios efectivos ó Estado.

SOLICITA:

- A xubilación prevista na disposición transitoria novena da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.
 - Debe xunir fotocopia do DNI ou da partida de nacemento cotexada.

..... de de 2003

Asdo:

DATOS PARA CUBRIR POLA ADMINISTRACIÓN

Don/a....., secretario/a da delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de.....
CERTIFICADO que don/a.....acreditaanos,meses edías,
á vista do seu expediente persoal a 31 de agosto de 2003.
O que certifico en.....de 2003.
Sinatura e selo

Director xeral de Persoal
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO II

Táboas de gratificación

Profesores técnicos de formación profesional (2003).

Idade		28	29	30	31	32	33	34	35
64	GX	2.949,97	3.032,57	3.032,57	3.032,57	3.115,16	3.115,16	3.115,16	3.197,76
63	GX	3.210,04	3.210,04	3.210,04	3.292,64	3.292,64	3.292,64	3.386,40	3.386,40
62	GX	3.386,40	3.386,40	3.481,26	3.481,26	3.481,26	4.034,86	4.719,08	5.545,01
61	GX	3.563,86	3.657,61	3.657,61	4.294,93	5.039,40	5.911,11	6.925,70	8.117,74
60	GX	3.657,61	4.259,22	4.991,41	5.851,95	6.866,55	8.046,31	9.438,14	11.078,88

Profesores técnicos de formación profesional (2003).

Idade		28	29	30	31	32	33	34	35
64	GL	1.588,47	1.632,95	1.632,95	1.632,95	1.677,42	1.677,42	1.677,42	1.721,90
	GX	2.949,97	3.032,57	3.032,57	3.032,57	3.115,16	3.115,16	3.115,16	3.197,76
	T	4.538,44	4.665,52	4.665,52	4.665,52	4.792,58	4.792,58	4.792,58	4.919,66
63	GL	1.728,51	1.728,51	1.728,51	1.772,99	1.772,99	1.772,99	1.823,47	1.823,47
	GX	3.210,04	3.210,04	3.210,04	3.292,64	3.292,64	3.292,64	3.386,40	3.386,40
	T	4.938,55	4.938,55	4.938,55	5.065,63	5.065,63	5.065,63	5.209,87	5.209,87
62	GL	1.823,47	1.823,47	1.874,56	1.874,56	1.874,56	2.172,66	2.541,08	2.985,83
	GX	3.386,40	3.386,40	3.481,26	3.481,26	3.481,26	4.034,86	4.719,08	5.545,01
	T	5.209,87	5.209,87	5.355,82	5.355,82	5.355,82	6.207,52	7.260,16	8.530,84
61	GL	1.919,03	1.969,52	1.969,52	2.312,69	2.713,57	3.182,96	3.729,28	4.371,16
	GX	3.563,86	3.657,61	3.657,61	4.294,93	5.039,40	5.911,11	6.925,70	8.117,74
	T	5.482,89	5.627,13	5.627,13	6.607,62	7.752,97	9.094,07	10.654,98	12.488,90
60	GL	1.969,52	2.293,46	2.687,73	3.151,11	3.697,43	4.332,70	5.082,16	5.965,65
	GX	3.657,61	4.259,22	4.991,41	5.851,95	6.866,55	8.046,31	9.438,14	11.078,88
	T	5.627,13	6.552,68	7.679,14	9.003,06	10.563,98	12.379,01	14.520,30	17.044,53

GL: gratificación LOXSE.

GX: gratificación Xunta de G.

Catedráticos (2003).

Idade		28	29	30	31	32	33	34	35
64	GX	3.528,14	3.634,18	3.634,18	3.634,18	3.729,04	3.729,04	3.729,04	3.835,08
63	GX	3.846,25	3.846,25	3.846,25	3.952,28	3.952,28	3.952,28	4.059,43	4.436,68
62	GX	4.059,43	4.059,43	4.165,45	4.165,45	4.578,43	5.368,67	6.300,65	7.385,55
61	GX	4.271,49	4.389,81	4.884,26	5.722,49	6.713,63	7.869,96	9.226,08	10.818,81
60	GX	4.837,38	5.675,61	6.654,47	7.798,52	9.143,48	10.725,06	12.589,02	14.747,66

Catedráticos (2003).

Idade		28	29	30	31	32	33	34	35
64	GL	1.899,80	1.956,90	1.956,90	1.956,90	2.007,98	2.007,98	2.007,98	2.065,08
	GX	3.528,14	3.634,18	3.634,18	3.634,18	3.729,04	3.729,04	3.729,04	3.835,08
	T	5.427,94	5.591,08	5.591,08	5.591,08	5.737,02	5.737,02	5.737,02	5.900,16
63	GL	2.071,09	2.071,09	2.071,09	2.128,18	2.128,18	2.128,18	2.185,88	2.389,02
	GX	3.846,25	3.846,25	3.846,25	3.952,28	3.952,28	3.952,28	4.059,43	4.436,68
	T	5.917,34	5.917,34	5.917,34	6.080,46	6.080,46	6.080,46	6.245,31	6.825,70
62	GL	2.185,88	2.185,88	2.242,98	2.242,98	2.465,35	2.890,87	3.392,71	3.976,90
	GX	4.059,43	4.059,43	4.165,45	4.165,45	4.578,43	5.368,67	6.300,65	7.385,55
	T	6.245,31	6.245,31	6.408,43	6.408,43	7.043,78	8.259,54	9.693,36	11.362,45
61	GL	2.300,07	2.363,78	2.630,03	3.081,39	3.615,09	4.237,74	4.967,97	5.825,61
	GX	4.271,49	4.389,81	4.884,26	5.722,49	6.713,63	7.869,96	9.226,08	10.818,81
	T	6.571,56	6.753,59	7.514,29	8.803,88	10.328,72	12.107,70	14.194,05	16.644,42
60	GL	2.604,79	3.056,15	3.583,23	4.199,27	4.923,49	5.775,13	6.778,82	7.941,17
	GX	4.837,38	5.675,61	6.654,47	7.798,52	9.143,48	10.725,06	12.589,02	14.747,66
	T	7.442,17	8.731,76	10.237,70	11.997,79	14.066,97	16.500,19	19.367,84	22.688,83

GL: gratificación LOXSE.

GX: gratificación Xunta de G.

PES, música e artes escénicas (2003).

Idade		28	29	30	31	32	33	34	35
64	GX	3.528,14	3.634,18	3.634,18	3.634,18	3.729,04	3.729,04	3.729,04	3.835,08
63	GX	3.846,25	3.846,25	3.846,25	3.952,28	3.952,28	3.952,28	4.059,43	4.059,43
62	GX	4.059,43	4.059,43	4.165,45	4.165,45	4.165,45	4.282,66	4.719,08	5.545,01
61	GX	4.271,49	4.389,81	4.389,81	4.389,81	5.038,29	5.911,11	6.925,70	8.117,74
60	GX	4.389,81	4.389,81	4.991,41	5.851,95	6.866,55	8.046,31	9.438,14	11.078,88

PES, música e artes escénicas (2003).

Idade		28	29	30	31	32	33	34	35
64	GL	1.899,80	1.956,90	1.956,90	1.956,90	2.007,98	2.007,98	2.007,98	2.065,08
	GX	3.528,14	3.634,18	3.634,18	3.634,18	3.729,04	3.729,04	3.729,04	3.835,08
	T	5.427,94	5.591,08	5.591,08	5.591,08	5.737,02	5.737,02	5.737,02	5.900,16
63	GL	2.071,09	2.071,09	2.071,09	2.128,18	2.128,18	2.128,18	2.185,88	2.185,88
	GX	3.846,25	3.846,25	3.846,25	3.952,28	3.952,28	3.952,28	4.059,43	4.059,43
	T	5.917,34	5.917,34	5.917,34	6.080,46	6.080,46	6.080,46	6.245,31	6.245,31
62	GL	2.185,88	2.185,88	2.242,98	2.242,98	2.242,98	2.306,08	2.541,08	2.985,83
	GX	4.059,43	4.059,43	4.165,45	4.165,45	4.165,45	4.282,66	4.719,08	5.545,01
	T	6.245,31	6.245,31	6.408,43	6.408,43	6.408,43	6.588,74	7.260,16	8.530,84

Idade		28	29	30	31	32	33	34	35
61	GL	2.300,07	2.363,78	2.363,78	2.363,78	2.712,97	3.182,96	3.729,28	4.371,16
	GX	4.271,49	4.389,81	4.389,81	4.389,81	5.038,29	5.911,11	6.925,70	8.117,74
	T	6.571,56	6.753,59	6.753,59	6.753,59	7.751,26	9.094,07	10.654,98	12.488,90
60	GL	2.363,78	2.363,78	2.687,73	3.151,11	3.697,43	4.332,70	5.082,16	5.965,65
	GX	4.389,81	4.389,81	4.991,41	5.851,95	6.866,55	8.046,31	9.438,14	11.078,88
	T	6.753,59	6.753,59	7.679,14	9.003,06	10.563,98	12.379,01	14.520,30	17.044,53

GL: gratificación LOXSE.

GX: gratificación Xunta de G.

Mestres (2003).

Idade		28	29	30	31	32	33	34	35
64	GX	2.949,97	3.032,57	3.032,57	3.032,57	3.115,16	3.115,16	3.115,16	3.197,76
63	GX	3.210,04	3.210,04	3.210,04	3.292,64	3.292,64	3.292,64	3.386,40	3.386,40
62	GX	3.386,40	3.386,40	3.481,26	3.481,26	3.481,26	3.575,02	3.976,84	4.661,03
61	GX	3.563,86	3.657,61	3.657,61	3.657,61	4.235,78	4.966,86	5.828,52	6.843,10
60	GX	3.657,61	3.657,61	4.200,06	4.932,25	5.781,64	6.783,95	7.952,54	9.320,94

Mestres (2003).

Idade		28	29	30	31	32	33	34	35
64	GL	1.588,47	1.632,95	1.632,95	1.632,95	1.677,42	1.677,42	1.677,42	1.721,90
	GX	2.949,97	3.032,57	3.032,57	3.032,57	3.115,16	3.115,16	3.115,16	3.197,76
	T	4.538,44	4.665,52	4.665,52	4.665,52	4.792,58	4.792,58	4.792,58	4.919,66
63	GL	1.728,51	1.728,51	1.728,51	1.772,99	1.772,99	1.772,99	1.823,47	1.823,47
	GX	3.210,04	3.210,04	3.210,04	3.292,64	3.292,64	3.292,64	3.386,40	3.386,40
	T	4.938,55	4.938,55	4.938,55	5.065,63	5.065,63	5.065,63	5.209,87	5.209,87
62	GL	1.823,47	1.823,47	1.874,56	1.874,56	1.874,56	1.925,04	2.141,41	2.509,83
	GX	3.386,40	3.386,40	3.481,26	3.481,26	3.481,26	3.575,02	3.976,84	4.661,03
	T	5.209,87	5.209,87	5.355,82	5.355,82	5.355,82	5.500,06	6.118,25	7.170,86
61	GL	1.919,03	1.969,52	1.969,52	1.969,52	2.280,84	2.674,50	3.138,49	3.684,81
	GX	3.563,86	3.657,61	3.657,61	3.657,61	4.235,78	4.966,86	5.828,52	6.843,10
	T	5.482,89	5.627,13	5.627,13	5.627,13	6.516,62	7.641,36	8.967,01	10.527,91
60	GL	1.969,52	1.969,52	2.261,61	2.655,87	3.113,24	3.652,95	4.282,21	5.019,05
	GX	3.657,61	3.657,61	4.200,06	4.932,25	5.781,64	6.783,95	7.952,54	9.320,94
	T	5.627,13	5.627,13	6.461,67	7.588,12	8.894,88	10.436,90	12.234,75	14.339,99

GL: gratificación LOXSE.

GX: gratificación Xunta de G.